



A capela dos presos

Hermelinda Dapena Tarela

Meu pai era un home bo, afable, prudente. Moi honesto profesional. Como médico dentista prestou os seus servizos durante algún tempo no cárcere de Figueirido. Non podo precisar a data. Eu era moi pequena. Nacín no 1935. Lembranzas dese tempo da guerra civil e a posguerra son palabras a medias, musitadas en voz baixa.

No tempo de hoxe teño moi presente unha pegada do seu paso como profesional polo devandito penal. É unha capela que acolle unha imaxe da Inmaculada e que ata que casei presidía o cabezal da miña cama. A historia desa capela contáronma así os meus pais.

Os avós regaláranme, con motivo da festa dos Reis Magos, a imaxe da Virxe. Meu pai comentouno a uns cregos vascos que estaban presos en Figueirido e que eran pacientes seus.

Eles dixéronlle que llela levara, que querían “redondear” ese agasallo de reis facéndolle unha capela. Alí estivo a virxenciña acompañándoos na cadea, motivando a súa arte, e evocando a unha nena que, sen sabelo, acaparou a atención duns presos.

Na miña casa chamabámoslle “a virxe dos presos”.

Para min foi sempre referencia de amizade que debeu quentar esa relación médico-paciente, sendo estes vítimas dunha situación dolorosa.

Hoxe está en Valencia, na casa do meu irmán, que quixo tela con el, unha vez mortos meus pais. Alí preside a sala principal. Daquel núcleo familiar no que abrimos os ollos a esta vida só quedamos os dous. Enmarcada nunha sinxela fornela segue a ser, para o meu irmán e para min, unha entrañable referencia do pasado.

Hermelinda Dapena Tarela